

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria de Xunta de Goberno que terá lugar o xoves, 5 de xaneiro de 2017, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 24/16, do 16 de decembro.
- 2.-Toma de coñecemento de comunicacións recibidas doutras deputacións e concellos.

### **Asesoría Xurídica**

- 3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no PO 307/2016, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, interposto por Martinsa-Fadesa, SA, sobre tributos.
- 4.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos de Santiago de Compostela, do 14/12/2016, recaída no recurso PA 468/2016, interposto por dona María Soledad Pacheco Milmanda, sobre tributos.
- 5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, do 15/12/2016, recaída no recurso PO 7696/2013, interposto por dona Antonia Vázquez Patiño, sobre expropiación.
- 6.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no Procedemento nº 622/2016, do Xulgado Social nº 4 dos da Coruña, seguido a instancia de Central Sindical Independente e Funcionarios (CSI-CSIF), sobre conflito colectivo.

### **Promoción Económica, Turismo e Emprego**

- 7.-Toma de coñecemento de resolucións da Presidencia de avocación de competencias para aprobación de bases reguladoras de varias convocatorias.

### **Unidade Técnica de Normalización Lingüística**

- 8.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar as bases específicas reguladoras da convocatoria do programa de subvencións provinciais dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2017.

### **Planificación e Xestión de Recursos Humanos**

- 9.-Aprobación das bases para elaborar listas para a selección de persoal funcionario interino para posibles nomeamentos, para postos de técnico de administración (A1), de administración xeral.

### **Asistencia Técnica a Municipios**

10.-Aprobación do informe sobre o proxecto de itinerario peonil e ciclista na AC-543 en Brión.

ROGOS E PREGUNTAS